

## NOTA DO AUTOR PARA UNHA NOVA EDICIÓN REVISADA

A primeira edición desta novela é de 1993, logo que recibiu o Premio Torrente Ballester, convocado pola a Deputación da Coruña. Posteriormente, en 2002, xa algo corrixida, incorporouse á Biblioteca 120. Vinte anos máis tarde, Editorial Galaxia ofréceme a posibilidade de revisala para volvela publicar, con algúns axustes importantes, pausas e lixeiras achegas que sen dúbida axudarán á lectura.

Trátase dunha historia complexa, que invita a viaxar polos feitos a través da memoria dun defunto, unha sombra que revisa o pasado e o reconsidera coma unha longa confesión, en certa maneira unha íntima e desconsolada purga. A historia narra acontecementos certos que sucederon contra finais do século XVIII, entre 1776 e 1783, mais cun segundo plano narrativo, case que a xeito de espello, en 1885, data en que os exércitos arxentinos do xeneral Lorenzo Vintter chegan ás barrancas de Carme de Patagones, á beira do río Negro, cerrando un dos capítulos da chamada Campaña do Deserto. Entre estas dúas referencias, cun intervalo de cen anos, móvese o relato. A base principal vén documentada no que os historiadores denominan a Expedición das Familias: homes, mulleres e crianzas que parten do peirao do Parrote, na Coruña, enviados pola coroa de España para poboa as

terras do sur da provincia de Buenos Aires, terras inhóspitas que en parte empezaba a disputar Inglaterra, logo que os británicos se visen obrigados a abandonar as colonias do norte do continente. O control dos pasos do sur, moi principalmente os que levaban ao océano Pacífico, e o que moitos chamaban o Camiño de Valdivia, eran rutas cobizadas e inexploradas, arredor das que durante anos foron tecéndose numerosas lendas, semellantes a El Dorado, entre elas a que dá título á novela: a Cidade dos Césares.

A Cidade dos Césares situábase nas caeiras dos Andes e moitos a relacionaban cos tesouros do derradeiro príncipe dos incas, Tupac Amaru, quen lograra escapar da persecución e matanza dos españois. Outros dicían que a cidade fora fundada por fuxidos da Cidade da Fame, a que Pedro Sarmiento de Gamboa establecera a mediados do século XVI nos confíns de Terra de Fogo. Hai crónicas que a relacionan co capitán Sebastián Caboto, extraviado tamén por aquelas xeografía, e algúns relatos dos xesuítas, que por estas datas mantiñan importantes diferenzas coa coroa de España e Portugal, aumentaban e esaxeraban a súa existencia. Como tantos mitos dos primeiros tempos das Américas, cun amplísimo territorio por descubrir, a lenda da Cidade dos Césares alimentou non poucas ambicións e desatinos.

A Expedición das Familias era outra cousa. Detrás estaba a vontade estratéxica do conde de Floridablanca, Xosé Moñino e Redondo, e dos principais ministros de Carlos III. Arredor de cincocentas familias embarcaron nos peiraos da Coruña con toda clase de promesas para instalarse nas novas terras. Nas primeiras páxinas do relato incluímos algúns mapas que sitúan a acción nos distintos planos, tanto no século XVIII como no que sucedeu cen anos despois. Daqueles asentamentos unicamente sobreviviu Nosa Señora

do Carme de Patagones. As promesas da Coroa nunca se cumpriron.

A novela recrea aquela experiencia e aquel tempo. Non é un tratado de historia, aínda que a historia, en moitos casos perfectamente documentada, estea na base da ficción. O narrador é o piloto Basilio Vilaríño, que nas crónicas aparece co apelido castelanizado, Villarino y Bermúdez, natural do lugar da Barquiña, a carón da vila de Noia, formado no arsenal da Graña, cando Ferrol era a principal factoría de pilotos da Coroa de España. Xunto con outros compañeiros, perdeu a vida loitando contra os indios en 1785 na Serra da Ventana. Moitos dos personaxes que aparecen no relato participaron nas mesmas expedicións e angueiras. Entre outros don Xoán de la Piedra, que algúns fan cántabro e outros galego. Tamén don Francisco e don Antonio de Viedma, os andaluces. Na actualidade, á beira do río Negro, fronte á vila de Carme de Patagones, érguese a poboación de Viedma, que leva o apelido destes dous irmáns. Ata alí cheguei no ano 1989 na procura de documentación para o relato, aínda que a meirande parte xa a levantara na Biblioteca América da Universidade de Santiago de Compostela, unha das fontes máis ricas para estudar este período e a presenza dos galegos nas descubertas do continente americano.

Sobre os acontecementos que aquí se narran hai abondosa documentación, por máis que, como dixen, o lector está diante dunha novela, con todo o que isto significa. Mais unha novela con personaxes certos: as familias do común que embarcaron no Parrote e das que conservamos noticia, por exemplo, con nomes e apelidos; os pilotos que acompañaron o protagonista nas descubertas; os oficiais e gran parte dos mandos militares; a indiada que se referencia (tehuelches, huiliches, puelches, mapuches, moluches,

aucas, picunches...) cos nomes dos seus capitáns: Calfuncurá, Saihueque, Melinán, Namuncurá, Cumilao, o Negro Chanel e Cañumil, que aquí denominamos o Príncipe das Vizcachas, xunto coa princesa Pichipilu, a *Pequena Garza*, tamén chamada Carme, que o monarca do deserto ofreceu ao piloto de Noía como compañeira, para asinar o pacto entre eles. Basilio Vilarriño, tal como se conta na historia, subiu e explorou o río Negro, levantou a principal cartografía destes territorios e deixou noticia dos feitos nun “Diario” ao que tivemos acceso e que nos serviu para documentar moitos dos tramos da historia. O primeiro buque-escola da armada arxentina, que operou entre 1879 e 1899, levaba o seu nome. A primeira illa do río Negro, antes de chegar a Choele Choel, que el foi quen primeiro a descubriu, chámase illa de Vilarriño (Villarino), así como varias prazas en Carme de Patagones, Viedma, o Chubut, Buenos Aires, as beiras do Nahuel Huapí (Bariloche) e outras localizacións na República Arxentina.

En certa maneira, *A Cidade dos Césares* é a primeira crónica novelada da presenza dos galegos naquela parte do mundo. Galegos, asturianos e maragatos. Non é real, ou polo menos non está documentado, o gaiteiro Chinto de Muras, a segunda sombra que serve de confidente ao protagonista: dous defuntos que dialogan e lembran xuntos os sucesos. Nas miñas novelas case sempre hai un gaiteiro, que actúa ás veces como heraldo (en *O triángulo inscrito na circunferencia*) e outras veces como contrapunto ocasional, mais sempre como un símbolo da memoria, alento que sobrevive mesmo á fatalidade. Son certas, non obstante, moitas historias persoais, tanto no tempo da chegada dos exércitos do xeneral Vintter a Patagones como nos días terribles das praias de San Xosé, igual que están documentadas as

lendas e as tradicións das culturas indíxenas, dos tehuelches, sobre todo, que en moitos casos serven de espello para contextualizar o relato. *A cidade dos Césares* (1993) é a segunda entrega dunha triloxía que inclúe *O triángulo inscrito na circunferencia* (1982) e *Cabalo de ouros* (2020). Triloxía da memoria narrada dende a evocación e, ás veces, dende a transgresión, sempre con Galicia como pano de fondo.

Incluímos nas derradeiras páxinas un vocabulario elemental de americanismos. A atmosfera lingüística do relato é moi importante, paisaxe que reforza a súa credibilidade, así como a estilística e o ritmo pausado da narración, as súas imaxes e metáforas, que recrean o discurso (acaso tamén o pensamento) do protagonista, a confesión dos seus pecados. Nas caeiras de Patagones poden verse as covas que os superviventes labraron na rocha para sobrevivir. Nos arquivos das cidades de Nosa Señora do Carme e Viedma, á beira do río Negro, onde nalgún momento a Administración de Raúl Alfonsín mesmo considerou a posibilidade de instalar unha nova capital da república, consérvanse os nomes das primeiras familias que naqueles anos chegaron ao que algúns bautizaron como os asentamentos da Nova Esperanza. Cando os exércitos do xeneral Lorenzo Vintter entraron en Patagones cen anos despois non atoparon mais ca os restos dun xigantesco e desesperado naufraxio.

*En Brión. Primavera, 2022*